



Concello de Ortigueira

MEMORIA PREPARATORIA CONTRACTUAL

CONTRATACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS, ESCENARIO E OUTROS PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA

- 1.- OBXECTO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER
 - 1.1. NECESIDADE DE CONTRATAR/INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS
 - 1.2. DESCRICIÓN DETALLADA DE PRESTACIÓNS QUE CONSTITÚEN O OBXECTO DO CONTRATO
 - 1.3 CUALIFICACIÓN DO CONTRATO
 - 1.4 CÓDIGO CPV /CNAE
2. LOTES
 - 2.2. DESCRICIÓN DETALLADA DE CADA LOTE
 - 2.3.- XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.
3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN
4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO
5. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO
6. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA ADXUDICACIÓN
 - 6.1. Especificacións respecto da presentación de propostas.
 - 6.2. Garantía provisional
 - 6.3 Mesa de Contratación.
7. CONDICIÓN DE APTITUDE PARA CONTRATAR
 - 7.1. HABILITACIÓN EMPRESARIAL ESPECÍFICA
 - 7.2 CRITERIOS DE SOLVENCIA
8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
9. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA EXECUCIÓN
 - 9.1 UNIDADE TECNICA DE SEGUIMENTO E RESPONSABLE DO CONTRATO
 - 9.2 CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
10. MÉTODO DE PAGO

1.- OBXECTO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

Constitúe o obxecto do presente prego a prestación de servizos de escenario e estruturas, iluminación, son, imaxe, backstage e persoal técnico para o Festival Internacional do Mundo Celta 2024.

Todos os servizos obxecto do presente contrato ten que estar instalados e funcionando o mércores 9 de xullo de 2024, as 23 horas.

De todas formas e de cara aos traballos previos, o montaxe de estruturas non debe comezar antes do 6 de xullo, e debe estar desmontado o 17 de xullo.

Permanecerán funcionando ata o luns 15 de xullo, despois das actuacións, podendo finalizar desde ese momento.

A empresa adxudicataria queda sometida as directrices que dite O Concello de Ortigueira para o mellor funcionamento do Festival. Ademais, todas as competencias de dirección técnica estarán a cargo do equipo de produción do Concello para o desenvolvemento do Festival.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

O contido do contrato é o sinalado no prego de prescricións técnicas e é o seguinte: Escenarios e estruturas, iluminación, son, pantallas e xeradores, backstage, e produción e persoal técnico.

1.1. NECESIDADE DE CONTRATAR/INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS

A) Necesidades a satisfacer

O Concello de Ortigueira ten atribuídas competencias en materia de Información y promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de promoción da cultura e equipamentos culturais , de acordo co artigo 25.2 h y m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Neste contexto, o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, foi declarado Festa de interese turístico Internacional no ano 2005, converténdose nun motor turístico e económico para o Concello, e un dos soportes básicos dos intereses municipais no eido da cultura e do turismo.

B) Insuficiencia de medios propios

O Concello de Ortigueira non dispón de persoal suficiente para atender á totalidade das prestacións obxecto do contrato, nin dispón dos medios técnicos precisos para poder desenvolver o Festival dunha forma axeitada.

A prestación de diversos servizos técnicos para o Festival é unha necesidade básica dentro das prestacións municipais.

1.2. DESCRIPCIÓN DETALLADA DE PRESTACIÓNS QUE CONSTITÚEN O OBXECTO DO CONTRATO

As prestacións que constitúen o obxecto do contrato son as que veñen definidas nos pregos de prescricións técnicas.

Neste caso estruturase en dous lotes:

Lote 1 .Escenario e plataformas

- Escenario situado na Alameda.
- Plataformas na Praza de Isabel II
- Persoal de montaxe e mantemento

Lote 2.- Son, iluminación, pantallas, xeradores, backstage, produción e persoal técnico.

- Sistema de luces de escenario e publico.
- Sistema de Son na Alameda, plataformas na Praza Isabel II.
- Pantallas Led
- Adaptacións eléctricas e apoio de xeradores
- Backstage e produción, e persoal técnico.

1.3 CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

Contrato de servizos.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

1.4 CÓDIGO CPV /CNAE

Lote 1.-

92300000 servizos entretemento.
79953000 servizos de organización de festivais

Lote 2.-

31120000 - Xeradores.
32342410 – Son.
92370000 – Técnicos son
34991000 – Luces para iluminación exterior
32330000 – Aparatos de gravación e reprodución de imaxe e son.
92300000- Servizos entretemento.

2. LOTES

DIVISIÓN EN LOTES: SI

2.2. DESCRIPCIÓN DETALLADA DE CADA LOTE

Lote 1.- Escenario e plataformas.-

Escenario situado na Alameda.
Plataformas na Praza de Isabel II
Persoal de montaxe e mantemento

Lote 2.- Infraestruturas técnicas, iluminación, son, imaxe, backstage e persoal técnico.

Sistema de luces de escenario e publico.
Sistema de Son na Alameda, plataformas na Praza Isabel II,
Pantallas Led
Adaptacións eléctricas e apoio de xeradores
Backstage e produción, e persoal técnico

2.3.- XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

Non procede

3. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN

TRAMITACIÓN: Urxente

Xustificación: Resulta necesario acelerar a adxudicación do contrato dada a proximidade das datas de celebración do festival, e a necesidade de contar cos servizos técnicos necesarios debidamente contratados co suficiente tempo de antelación de cara a garantir a correcta organización do festival. Non resultou posible realizar a tramitación do expediente con maior antelación dada a acumulación de tarefas existentes e escaseza de persoal municipal nos departamentos de coordinación do Festival, Contratación e Intervención.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

PROCEDIMENTO PROPOSTO: Aberto simplificado
Xustificación: Consonte ao disposto no artigo 159 da LCSP.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN:

Orzamento sen IVE: 90.759,14 €

IVE (21%): 19.059,42 €

Orzamento base de licitación total (IVE incluído): 109.818,56 €

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:

ORZAMENTO SEN IVE: 90.759,14

Importe modificacións previstas sen ive: 0

Importe das prórrogas previstas sen ive: 0

Importe prima ou pagos a contratistas: 0

VALOR ESTIMADO TOTAL: 90.759,14 €uros

DESAGREGACIÓN POR LOTES:

LOTE	Importe sen I.V.E.	I.V.E. 21%	Total
Lote 1: Escenario	29.719,15	6.241,02	35.960,17
Lote2: Son, iluminación, pantallas, backstage e persoal técnico	61.039,99	12.818,40	73.858,39
Total	90.759,14	19.059,42	109.818,56

Xustificación da determinación do valor estimado e orzamento base de licitación

O prezo, IVE excluído, é o que figura na folia de valoración do expediente. - Memoria económica. As estimacións, cálculos e estudos do prezo recóllense no PPT do contrato e na memoria económica. Para o calculo do prezo tense en conta os vixentes convenios laborais de aplicación, así como os gastos de montaxe especializados, e os xerais e beneficio industrial. Ademais tense en conta os períodos horarios das tarefas correspondentes e os gastos de manutención e aloxamento do persoal, gastos directos para a actividade e o contrato.

ANUALIDADES

PLURIANUAL: NON

Tramitación anticipada: NON

FINANCIAMENTO: Fondos propios

5. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Datas: do 1 o 20 de xullo de 2024

Prórrogas: NON

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

6. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA ADXUDICACIÓN

6.1. Especificacións respecto da presentación de propostas.

PRAZO PROPOSTO: 15 días naturais.

6.2. Garantía provisional

Proponse a esixencia de GARANTÍA PROVISIONAL: Non
Garantía definitiva: SI

6.3 Mesa de Contratación.

MESA DE CONTRATACIÓN

Presidente: Jaime Vicente Ponce Piñón, Concelleiro do Concello de Ortigueira

Suplente: Ana Matilde Cartelle Fraga, Concelleira de Cultura.

Vogais:

1º Secretario xeral Javier Lopez Mera ou quen legalmente o substitúa

2º Interventora municipal Silvia Lamelas Soto ou quen legalmente a substitúa.

3º Titular: Alberto Balboa Rodriguez, funcionario coordinador do Festival.

Suplente Dámaso Pico Balsa, técnico de medio ambiente.

Secretaría:

Titular: María Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa

Suplente: Eulalia Iglesias Braña, funcionaria administrativa

7. CONDICIÓN DE APTITUDE PARA CONTRATAR

7.1. HABILITACIÓN EMPRESARIAL ESPECÍFICA

Non se esixe

7.2 CRITERIOS DE SOLVENCIA

Solvencia económica e financeira

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes.

a) Declaración sobre o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos. Acreditarase alcanzar, nalgún dos tres últimos exercicios dispoñibles, un volume de negocios anual igual ou superior a unha vez e media o valor anual medio do contrato.

Acreditarase mediante: Extracto da conta de perdas e ganancias das contas anuais dos 3 últimos exercicios concluídos, acompañada de declaración responsable do licitador acreditativa da veracidade dos datos achegados e a súa correspondencia exacta cos incorporados nas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. Deberán acompañar unha declaración responsable de licitador acreditativa da veracidade dos datos achegados e a súa correspondencia exacta cos libros e documentos legalizados polo Rexistro Mercantil.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

b) Ter un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais cunha cobertura igual ou superior a unha vez e media o importe do lote ou lotes aos que se licita; a póliza deberá estar vixente ata o final do prazo para presentar ofertas e deberá aportar ademais o compromiso de súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento de súa cobertura durante toda a execución do contrato e seu prazo de garantía, no caso de resultar adxudicatario.

Solvencia técnica e profesional

De forma conxunta:

a) Acreditarase cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos. Como mínimo o contratista deberá ter realizado traballos por importe de polo menos 70% da anualidade media do valor estimado do/s lote/s aos que se opte, nalgún dos anos comprendidos nese período.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

b) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación:

Lote 1: Escenarios

- Equipo técnico: 8 montadores e 2 mantenedores. Achegarse declaración do empresario acompañada do informe de traballadores de alta na conta de cotización da empresa (ITA).
- Memoria técnica do escenario asinada por técnico habilitado acreditando o cumprimento dos requisitos previsto no PPT e a normativa de aplicación:
UNE -EN 13782:2016 Estructuras temporais
UNE-ES 17206:2021 E AC:2022 Industria del entretemento. Maquinaria para escenarios e outras áreas de produción. Requisitos e inspecciones de seguridade.
UNE-EN 17115:2019 Fabricación de trusts de aceiro e aluminio

Lote 2: Son, iluminación, pantallas, infraestruturas e persoal técnico

- Equipo técnico:
 - Iluminación: 4 técnicos
 - Son: 6 técnicos.
 - Imaxe, xeradores, electricidade: 2 técnicos.
 - Backstage e produción: 6 técnicos.

Achegarse declaración do empresario acompañada do informe de traballadores de alta na conta de cotización da empresa (ITA)

- Memoria técnica

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

Memoria de iluminación
Memoria de son
Memoria de pantallas e xeradores

Nas ditas memorias acreditarase a dispoñibilidade dos equipos técnicos e cumprimento dos requisitos previstos no prego de prescricións técnicas.

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Mellor proposta económica, baseada na oferta económica global: prezo mais melloras.
A especificación se sinala no punto 17 del Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

	PUNTOS
	a. MELLOR PREZO: 80
L.1. CRITERIOS DE VALORACIÓN DE LAS OFERTAS (cláusula 17.D) (≥60% de la puntuación total)	b.-MELLORAS técnicas sen custo. Lote 1.- Ofertar a elaboración e instalación de lonas micro-perforadas para a cubrición de peches frontais do recinto, segundo deseño que lle facilite o Festival. Total 20 metros lineais e un ancho de 1,50 metros. Só se se ofertan os 20 metros lineais, outorgaranse os 20 puntos. Valoración: 2.000 euros. Lote 2.- – Ofertar a instalación de dúas pantallas de tecnoloxía de led similares as do escenario, a instalar na zona da alameda, con persoal e funcionando axeitadamente: Só se se ofertan as dúas pantallas outorgaranse os 20 puntos. Valoración.- 5.000 euros 20

PARÁMETROS TÉCNICOS A TER EN CONTA PARA VALORAR UNHA OFERTA COMO POTENCIALMENTE ANORMAL OU TEMERARIA:

Se aplicarán os criterios que se sinalan nos pregos de cláusulas administrativas particulares para o criterio prezo, tendo en conta o importe da valoración económica das melloras, no caso de que se oferten.

Para apreciar se a proposición incorre en presunción de baixa desproporcionada ou temeraria

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

efectuarse a valoración da oferta no seu conxunto, que será o resultado de sumar á diminución do prezo da oferta económica a avaliación económica das seguintes melloras, no caso de que sexan ofertadas:

Lote 1.- Ofertar a instalación de lonas para a cubrición de peches frontais do recinto. 20 metros lineais.

Valoración: 2.000 euros, + IVE

Lote 2.-Ofertar a instalación de dous pantallas led similares as do escenario, a colocar na zona da Alameda.

Valoración: 5.000 euros, + IVE

9. ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA EXECUCIÓN

9.1 UNIDADE TECNICA DE SEGUIMENTO E RESPONSABLE DO CONTRATO

Departamento do Festival de Ortigueira.

Responsable: Director – Coordinador do Festival.

9.2 CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De carácter social

Mínimas obrigatorias

a)Garantir a paridade salarial entre as mulleres, homes e outra traballadores identidade ou condición sexual ou expresión de xénero diferente.

b)Cando o empresario necesite contratar para algún dos traballos obxecto do contrato persoal específico, este haberá de ser colectivos con máis dificultade de acceso ao mercado de traballo, en especial parados de longa duración e/ persoas con discapacidade.

Adicionais

Eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado de traballo e na participación social, prestando especial atención á paridade salarial e á eliminación de medidas sexistas nos códigos estéticos de vestimenta.

Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das persoas que executan o contrato e/o reciben as súas prestacións, con medidas específicas, como servizos de apoio para facilitar a conciliación de traballadores e usuarios.

De carácter ambiental

Mínimas obrigatorias

b)Todo o papel que se emprega para documentar traballos relacionados co servizo, deberá ter selo FSC (Forest Stewardship Council, Consello de Administración Forestal) ou certificación equivalente.

c) Redución e mellora da xestión de residuos

PRAZO DE GARANTÍA: Un ano.

PREVISIÓN DE SUPOSTOS DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO: NON

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS ESPECÍFICOS: NON

CONDICIÓN DE SUBCONTRATACIÓN.

- Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que os licitadores teñan previsto subcontratar:
SI
- Tarefas críticas que non admiten subcontratación:
Lote 1: Montaxe e funcionamento do escenario e demais estruturas e plataformas con persoal capacitado e habilitado para ese cometido.

10. MÉTODO DE PAGO

Finalizada a prestación, factura única polo importe total do importe adxudicado, que cumpra os requisitos legalmente exixibles. Abono mediante transferencia bancaria

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

